

3 ■ S E C T O R  
P Ú B L I C O ■



**N**o ámbito dos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1998, intégranse os presupostos da súa Administración Xeral, dos seus Organismos Autónomos e das súas Sociedades Públicas.

O presuposto consolidado (Administración Xeral máis os seus Organismos Autónomos) da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 1998 ascendeu a 921.600 millóns de pesetas, o que representa o 18,45% do VEB galego (fonte:Funcas)

En 1998 instrúntanse por primeira vez os créditos necesarios para o funcionamento da Consellería de Medio Ambiente (sección 15 dos presupostos da Administración Xeral) e os créditos para a xestión das funcións que, en materia de traballo, emprego e formación, viñan sendo desempeñadas polo INEM en Galicia.

As Fundacións Públicas Hospitais Comarcais Virxen da Xunqueira e de Barbanza e a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. figuran por primeira vez nos presupostos iniciais da

Comunidade Autónoma como Sociedades Públicas (**cadro 3.1.1.**).

O PRESUPOSTO DE INGRESOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

A previsión de ingresos no presuposto da Administración Xeral da Comunidade Autónoma sitúase en 627.540 millóns de pesetas, cun incremento nominal do 5,6% sobre o presupostado no exercicio anterior.

Os **ingresos propios** alcanzan un total de 157.383 millóns de pesetas, o 25,1% do presuposto de ingresos. Desglosando os ingresos propios en tres grupos, en función do seu maior nivel de autonomía, os recursos propios de carácter non financeiro diminúe nun 0,77% respecto ó ano 1997 situándose en 15.655 millóns de pesetas (2,5% dos ingresos totais estimados), os ingresos financeiros chegan ós 42.751 millóns de pesetas (6,8% dos ingresos totais estimados) e os tributos cedidos acadan os 98.977 millóns de pesetas (15,8% dos ingresos totais estimados) (**cadro 3.1.2.**).

CADRO 3.1.1.

*Ambito dos Presupostos Xerais da C.A. de Galicia 1998*

Administración Xeral	Administración Institucional			
	Organismos Autónomos		Sociedades Públicas	
Seccións	Administrativos	Comerciais, industriais e financeiros	Entes públicos	Sociedades mercantís
Parlamento Consello de Contas Consello da Cultura Galega Cª de Presidencia e Admon. Pública	EGAP			S.A. de Desenvolvemento Comarcal
Cª de Economía e Facenda	IGE		CES; IGAPE	CEEI Galicia, S.A. ; SODIGA ; SPI Galicia S.A.
Cª de Política Territorial, O.P. e Vivenda	Augas de Galicia	IGVS	Portos de Galicia; Obras e Serv. Hidráulicos	Xestur Coruña, S.A.; Xestur Lugo, S.A.; Xestur Ourense, S.A.; Xestur Pontevedra, S.A.
Cª de Educación e Ord. Universitaria				S.A. Centro de Supercomputación de Galicia
Cª de Industria e Comercio	IGC			Galiol, S.A Galicia Calidade, S.A. GESTENGA, S.A.
Cª de Agricultura, Gandería e Montes		ILGGA		
Cª de Cultura, Comunicac. Social e Turismo		IGAEM	CRTVG	TVG, S.A.; RTVG, S.A.; S.A. Xestión Xacobeo; Tur-Galicia, S.A.
Cª de Sanidade e Servicos Sociais	SERGAS		Fundación Hospital de Verín; Fundación I.G. Oftalmoloxía; Fundación H.C. Virxe de Xunqueira; Fundación H.C. A Barbanza	MEDTEC, S.A.
Cª de Pesca, Marisqueo e Acuicultura				
Cª de Xustiza, Interior e Relacións Laborais	AGS			
Cª de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude Cª de Medio Ambiente	SGPIHM			SOGAMA, S.A.
Consello Consultivo de Galicia Transferencias a CC.LL. Débeda Pública Gastos diversas Consellerías				

Fonte: *Presupostos xerais da C.A.*

Os **ingresos transferidos**, cun importe de 470.157 millóns de pesetas, acadan o 74,9% da previsión de recursos realizada. Desglosando os ingresos transferidos en tres grupos, en función da súa orixe, os recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado sitúanse en 405.874 millóns de pesetas (64,7% dos ingresos totais estimados), os recursos procedentes da Unión Europea, dentro do Marco de Apoio Comunitario para o período 1994-1999, están nos 62.278 millóns de pesetas (9,9% dos ingresos totais estimados) e as outras transferencias acadan os

2.005 millóns de pesetas (0,3% dos ingresos totais estimados) (**cadro 3.1.3.**).

Dentro dos recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado, a participación de Galicia no **Fondo de Compensación Interterritorial** (FCI) pasou de 24.285 millóns de pesetas en 1997 a 24.540 millóns de pesetas en 1998, aínda que a súa participación relativa no dito fondo pasou do 18,23% en 1997 ó 18,01% en 1998 (**cadro 3.1.4.**).

O modelo vixente consta de cinco

CADRO 3.1.2. **Presupostos da Administración Xeral da C.A. 1997-98: ingresos propios**

(en millóns de pesetas)

	1997		1998		98/97
	importe	%	importe	%	
<b>Ingresos de carácter non financeiro</b>	68.712	58,9	114.632	72,8	66,83
<b>Recursos propios</b>	15.777	13,5	15.655	9,9	-0,77
Taxas, prezos e outros	10.021	8,6	10.855	6,9	8,32
Gravamen sobre a contaminación atmosférica	2.350	2,0	2.300	1,5	-2,13
Tributación autonómica sobre o xogo	1.351	1,2	900	0,5	-33,38
Ingresos patrimoniais	1.555	1,3	1.500	0,9	-3,54
Ingresos por alleamento de investimentos	500	0,4	100	0,1	-80,00
<b>Tributos cedidos</b>	52.935	45,4	98.977	62,9	86,98
Tramo autonómico do IRPF	--	--	44.402	28,2	--
Sucesións e doazóns	10.436	9,0	11.200	7,1	7,32
Patrimonio	4.520	3,9	4.700	3,0	3,98
Transmisións patrimoniais e a.xur.doc	26.500	22,7	27.100	17,2	2,26
Taxa sobre o xogo	11.479	9,8	11.575	7,4	0,84
<b>Ingresos de carácter financeiro</b>	48.007	41,1	42.751	27,2	-10,95
Activos financeiros	2	-	2	-	-
Endebedamento	48.005	41,1	42.749	27,2	-10,95
<b>Total</b>	<b>116.719</b>	<b>100,0</b>	<b>157.383</b>	<b>100,0</b>	<b>34,84</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.3. **Presupostos da Administración Xeral da C.A. 1997-98: ingresos transferidos**

(en millóns de pesetas)

	1997		1998		98/97
	importe	%	importe	%	
<b>Transferencias dos Presupostos Xerais do Estado</b>	418.150	87,6	405.874	86,3	-2,94
PIE	283.944	59,5	260.414	55,4	-8,29
FCI	24.285	5,1	24.540	5,2	1,05
Participación das CC.LL. nos tributos do Estado	74.061	15,5	78.283	16,7	5,70
Subvencións finalistas	25.206	5,3	27.132	5,8	7,64
INSERSO	10.654	2,2	10.842	2,3	1,76
Custo novas transferencias	--	--	2.663	0,6	--
Outras transferencias	--	--	2.000	0,4	--
<b>Transferencias da Unión Europea</b>	59.242	12,4	62.278	13,2	5,12
FSE	5.000	1,0	5.618	1,2	--
FEDER	19.958	4,2	17.450	3,7	-12,57
FEOGA	18.989	4,0	18.087	3,8	-4,75
IFOP	8.405	1,8	9.326	2,0	10,96
Fondos de Cohesión	3.513	0,7	8.136	1,7	131,60
Iniciativas comunitarias e outras transferencias da UE	3.377	0,7	3.661	0,8	8,41
<b>Outras transferencias</b>	5	0,0	2.005	0,4	--
De entes públicos	--	--	2.000	0,4	--
De CC.LL.	5	0,0	5	0,0	0,00
<b>Total</b>	<b>477.397</b>	<b>100,0</b>	<b>470.157</b>	<b>100,0</b>	<b>-1,52</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.4. Fondo de Compensación Interterritorial 1997-98: capítulo VII do presuposto de gastos do Estado

(en millóns de pesetas)

	1997		1998	
	importe	%	importe	%
Andalucía	53.228.672	39,95	55.354.940	40,63
Asturias	4.351.778	3,27	4.581.916	3,36
Canarias	6.123.936	4,60	5.983.876	4,39
Cantabria	1.252.502	0,94	1.254.816	0,92
Castela-León	11.929.416	8,95	12.030.425	8,83
Castela A Mancha	9.688.237	7,27	9.969.039	7,32
C. Valenciana	7.920.077	5,94	7.767.322	5,70
Extremadura	10.183.908	7,64	10.195.206	7,48
<b>Galicia</b>	<b>24.285.215</b>	<b>18,23</b>	<b>24.540.431</b>	<b>18,01</b>
Murcia	4.281.159	3,21	4.566.929	3,35
<b>Total</b>	<b>133.244.900</b>	<b>100,00</b>	<b>136.244.900</b>	<b>100,00</b>

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda

variables distributivas (porcentualmente ponderadas): poboación (87,5%), superficie (3%), paro (1%), saldo migratorio (1,6%) e dispersión da poboación (6,9%), e de dúas variables redistributivas: VAB/hab. (20% sobre o resultado anterior) e insularidade (3,2% de adición a Canarias). Galicia diminuíu a porcentaxe de participación debido ó incremento do VEB por habitante, a perda de poboación e o saldo migratorio negativo.

A relación entre ingresos propios e transferidos configura o nivel de “**autonomía financeira**” da Comunidade Autónoma. En 1998, os ingresos propios aumentan en 5,45 puntos (40.664 millóns de pesetas) pasando do 19,65% (116.719 millóns de pesetas) en 1997 ó 25,1% (157.383 millóns de pesetas) en 1998. Este incremento da “autonomía financeira” correspóndese, basicamente, coa cesión parcial do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas por parte do Estado (44.402 millóns de pesetas) e que se presuposta, por primeira vez en 1998, no capítulo I, como tributo cedido. En contrapartida, a participación da Comunidade Autónoma nos ingresos do Estado (PIE) diminúe en 23.530 millóns de pesetas, pasando dos 283.944 millóns de pesetas de 1997 ós 260.414 millóns de pesetas de 1998, debi-

do a que no anterior exercicio o tramo autonómico do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas aparecía integrado dentro da participación nos ingresos estatais.

O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas figura como novo tributo cedido, con carácter parcial, no presuposto de 1998 en virtude da modificación parcial da LOFCA pola Lei Orgánica 3/1996, do 27 de decembro, que determinou o novo réxime xurídico xeral da cesión de tributos ás Comunidades Autónomas, da Lei 14/1996, do 30 de decembro, que especificou o seu alcance e condicións, e da Lei 32/1997, do 4 de agosto, pola que se produciu a súa aplicación en Galicia. O Estado cede á Comunidade Autónoma, respecto o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, a posibilidade de regular-la tarifa e de establece-las deducións da cota.

A Lei 14/1996, do 30 de decembro, establece a posibilidade de que a Comunidade Autónoma regule a tarifa autonómica, individual ou conxunta, aplicable á base liquidable regular e as deducións por circunstancias persoais e familiares, por investimentos non empresariais e por aplicación de renda, sempre que non supoñan, directa ou indirectamente, unha minoración do gravamen efectivo dalgunha o dal-

CADRO 3.1.5. *Presuposto de gastos da Administración Xeral da C.A. 1997-98: distribución económica*

(en millóns de pesetas)

Capítulos	1997	1998	98/97		Valor relativo	
	importe	importe	importe	%	1997	1998
I Gastos de persoal	169.918	183.645	13.727	8,1	28,6	29,2
II Gastos en bens correntes e servizos	31.270	35.087	3.817	12,2	5,3	5,6
III Gastos financeiros	36.084	31.934	-4.150	-11,5	6,1	5,1
IV Transferencias correntes	174.311	188.185	13.874	8,0	29,3	30,0
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>411.583</b>	<b>438.851</b>	<b>27.268</b>	<b>6,6</b>	<b>69,3</b>	<b>69,9</b>
VI Investimentos reais	69.171	61.333	-7.838	-11,3	11,6	9,8
VII Transferencias de capital	88.960	102.068	13.108	14,7	15,0	16,3
Total operacións non financeiras de capital	158.131	163.401	5.270	3,3	26,6	26,1
<b>Total Gastos non Financeiros</b>	<b>569.714</b>	<b>602.252</b>	<b>32.538</b>	<b>5,7</b>	<b>95,9</b>	<b>96,0</b>
VIII Activos financeiros	3.973	3.539	-434	-10,9	0,7	0,5
IX Pasivos financeiros	20.405	21.749	1.344	6,6	3,4	3,5
Total operacións financeiras de capital	24.378	25.288	910	3,7	4,1	4,0
<b>Total Gastos Financeiros</b>	<b>24.378</b>	<b>25.288</b>	<b>910</b>	<b>3,7</b>	<b>4,1</b>	<b>4,0</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>182.509</b>	<b>188.689</b>	<b>6.181</b>	<b>3,4</b>	<b>30,7</b>	<b>30,1</b>
<b>Total</b>	<b>594.092</b>	<b>627.540</b>	<b>33.448</b>	<b>5,6</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

gunhas categorías de renda. En aplicación do antedito, establécense unhas deducións por nacemento de fillos, aplicado ó período impositivo do ano 1998, que terán reflexo na liquidación final a percibir no ano 1999.

O PRESUPOSTO DE GASTOS  
DA ADMINISTRACIÓN XERAL

O presuposto de gastos da Administración Xeral para 1998 ascendeu a 627.540 millóns de pesetas, cun incremento nominal do 5,6% (33.448 millóns de pesetas) sobre o exercicio anterior. O incremento das operacións correntes respecto o exercicio anterior é do 6,6% (27.268 millóns de pesetas) e o incremento das operacións non financeiras de capital é do 3,3% (5.270 millóns de pesetas), como reflicte a súa distribución económica no **cadro 3.1.5.**

Desglosando as **operacións non financeiras de capital**, as transferencias de capital acadan os 102.068 millóns de pesetas, un 14,7% máis que no exercicio

anterior, e os investimentos reais son de 61.333 millóns de pesetas, un 11,3% menos que no exercicio anterior. O incremento, en valores absolutos, das operacións non financeiras de capital, respecto ó ano 1997, foron de 5.270 millóns de pesetas xa que o incremento de 13.108 millóns de pesetas producido nas transferencias de capital foi compensado coa diminución de 7.838 millóns de pesetas dos investimentos reais. As actuacións previstas porcentualmente máis relevantes dos investimentos reais en 1998 foron as que se recollen no **cadro 3.1.6.**, na seguinte páxina.

A **clasificación funcional** dos gastos do Presuposto da Administración Xeral, donde se concretan os obxectivos socioeconómicos que se pretende acadar a través da execución do presuposto, reflíctese no **cadro 3.1.7.** No presuposto de 1998 inclúese un novo grupo funcional, baixo a denominación de: "7.- Plan de crecemento e emprego", que integra as funcións correspondentes ós seguintes complexos: Agro-gandeiro; Mar-industria; Silvicultura-madeira; Prioritarios do sector indus-

CADRO 3.1.6.

Actuacións previstas dos investimentos reais 1998

	importe	%	Total Consellería	%
	(en millóns de pesetas)		(en millóns de pesetas)	
<b>Consellería de Presidencia e Adm. Publ.</b>				
Instalacións deportivas	1.417	2,3		
Redes de datos e equipamento informático	753	1,2		
Outras actuacións	1.137	1,9	3.307	5,4
<b>Consellería de Economía e Facenda</b>				
Outras actuacións	1.272	2,1	1.272	2,1
<b>Consellería de Política Territorial, O.P. e Vivenda</b>				
Obras en materia de urbanismo	1.656	2,7		
Obras en materia de estradas	11.741	19,1		
Outras actuacións	753	1,2	14.150	23,1
<b>Consellería de Educación e Ordenación Univ.</b>				
Obras no ensino primario	1.227	2,0		
Obras no ensino secundario	4.406	7,2		
Obras no ensino universitario	740	1,2		
Normalización lingüística	1.240	2,0		
Formación do profesorado	881	1,4		
Outras actuacións	1.919	3,1	10.413	17,0
<b>Consellería de Industria e Comercio</b>				
Outras actuacións	1.252	2,0	1.252	2,0
<b>Consellería de Agricultura, Gandería e Montes</b>				
Concentración parcelaria	3.393	5,5		
Construcción redes viarias no medio rural	1.414	2,3		
Outras actuacións	2.465	4,0	7.272	11,9
<b>Consellería de Cultura, Com. e Turismo</b>				
Construccións do patrimonio histórico, artístico ou arq.	797	1,3		
Outras actuacións	3.254	5,3	4.051	6,6
<b>Consellería de Sanidade e servizos Sociais</b>				
Programa de loita contra as drogodependencias	565	0,9		
Programa galego de vacinación	709	1,2		
Construcción e equipamento de centros de servizos sociais	500	0,8		
Outras actuacións	1.761	2,9	3.535	5,8
<b>Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura</b>				
Servicio de salvamento e loita contra a contaminación no mar	759	1,2		
Outras actuacións	2.321	3,8	3.080	5,0
<b>Consellería de Xusticia, Interior e RR.LL</b>				
Obras nos órganos xudiciais	1.029	1,7		
Outras actuacións	1.356	2,2	2.385	3,9
<b>Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuv.</b>				
Outras actuacións	1.187	1,9	1.187	1,9
<b>Consellería de Medio Ambiente</b>				
Conservación do medio ambiente natural	1.141	1,9		
Prevención de incendios forestais	4.124	6,7		
Repoación forestal e protección de bosques autóctonos	1.165	1,9		
Tratamentos selvícolas e conservación da infraestrutura	818	1,3		
Outras actuacións	1.894	3,1	9.142	14,9

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.



CADRO 3.1.7.

**Presuposto de gastos da Administración Xeral da C.A. 1998:  
distribución funcional**

Grupos de funcións	1998	
	importe <i>(en millóns de pesetas)</i>	valor relativo %
<b>1 Servicios de carácter xeral</b>	20.242	3,2
11 Alta dirección da C.A.	3.916	0,6
12 Administración xeral	15.976	2,5
13 Admon. electoral e partidos políticos	350	0,1
<b>2 Seguridade, protección e promoción social</b>	70.725	11,3
21 Seguridade e protección social	36.940	5,9
22 Promoción social	13.263	2,1
23 Protección civil e seguridade	1.708	0,3
24 Promoción do emprego	18.814	3,0
<b>3 Producción de bens públicos de carácter social</b>	270.641	43,1
31 Sanidade	12.445	2,0
32 Educación	197.177	31,4
33 Vivenda e urbanismo	9.366	1,5
34 Benestar comunitario	19.191	3,0
35 Cultura	20.563	3,3
36 Outros servcios comunitarios e sociais	11.899	1,9
<b>4 Producción de bens públicos de carácter económico</b>	45.578	7,2
41 Infraestructura básica e do transporte	26.131	4,1
42 Outras infraestructuras	13.831	2,2
43 Investigación científico-técnica e aplicada	4.815	0,8
44 Información estatística básica	801	0,1
<b>5 Regulación económica de carácter xeral</b>	9.605	1,5
51 Actuacións económicas xerais	2.426	0,4
52 Comercio	2.232	0,4
53 Actividades financeiras	4.947	0,8
<b>6 Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial</b>	45.560	7,3
61 Agricultura, gandería e pesca	29.093	4,6
62 Industria	1.310	0,2
63 Enerxía	3.836	0,6
64 Minería	90	-
65 Turismo	1.900	0,3
66 Industrialización e reord. industrial	9.249	1,5
67 Desenvolvemento empresarial	82	-
<b>7 Plan de crecemento e emprego</b>	28.644	4,6
71 Complexo agro-gandeiro	4.211	0,7
72 Complexo mar-industria	13.149	2,1
73 Complexo silvicultura-madeira	202	-
74 Complexos prioritarios do sector industrial	1.461	0,2
75 Complexo turismo, loxística e servcios a empresas	2.621	0,4
79 Plan de crecemento e emprego	7.000	1,1
<b>8 Transferencias a entidades locais</b>	82.862	13,2
8 Transferencias a entidades locais	82.862	13,2
<b>9 Débeda pública</b>	53.683	8,6
9 Débeda pública	53.683	8,6
<b>Total</b>	<b>627.540</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

trial; e Turismo, loxística e servizos a empresas. Desaparece o Grupo funcional: *6-Regulación económica de sectores productivos*, integrándose as súas funcións no Grupo Funcional de *Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial*.

Inclúese tamén a nova función *24-Promoción do emprego* e desaparece a función *73* dos presupostos de 1997 de *mellora competitiva, grupos de interese galego*.

#### O PRESUPUESTO DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

O presuposto dos **organismos autónomos administrativos** acadou no ano 1998 os 309.111 millóns de pesetas, un 8% máis que en 1997.

O dito incremento é debido, fundamentalmente, ó Servizo Galego de Saúde (Sergas), cunha previsión de ingresos e autorización de gastos para 1998 que ascendeu a 289.139 millóns de pesetas, un 5,86% (16.011 millóns de pesetas) superior ó ano anterior. O Consello de Política Fiscal e Financeira, de 27 de novembro de 1997, aprobou o novo sistema de financiamento dos servizos sanitarios para o período 1998-2001, determinando unha porcentaxe de poboación protexida do 6,9125% (poboación de dereito INE 1996 menos colectivos non protexidos: MUFACE, ISFAS e MUJEU) para 1998. A dita porcentaxe descende respecto a 1997, cando foi do 7,03%. O efecto financeiro desta diminución compénsase a través do fondo finalista de modulación financeira, que supuxo para Galicia 3.716,9 millóns de pesetas.

As operacións de capital dos organismos autónomos administrativos (caps. VI, VII e VIII) acadaron ó 11,4% (35.237

millóns de ptas.) do total presupostario. O Sergas, con 18.404 millóns de ptas., e Augas de Galicia, con 16.348 millóns de ptas., representan o 98,63% do total das operacións de capital dos organismos autónomos administrativos, cun incremento de 6.163 millóns de ptas. con respecto ó presuposto de 1997 (**cadro 3.1.8**).

O presuposto dos **organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos** acadou os 27.895 millóns de ptas., un 52,7% máis que no ano anterior, incremento debido basicamente á presupostación no Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA) dos créditos financiados polo FEOGA-Garantía, que recibe dos presupostos da Consellería como transferencias de capital (6.622 millóns de ptas.). A previsión de ingresos e a autorización de gastos do ILGGA ascendeu a 11.442 millóns de pesetas.

As operacións de capital dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos (caps. VI, VII e VIII) supuxeron o 90,9% (25.367 millóns de ptas.) do total presupostado (**cadro 3.1.9**).

#### O PRESUPUESTO CONSOLIDADO

A través do presuposto consolidado pode apreciarse a dimensión real que os programas de ingresos e gastos da Administración Xeral e dos organismos autónomos proxectan sobre a actividade económica de Galicia, unha vez eliminadas as transferencias internas entre os sectores mencionados (caps. IV e VII de gastos da Administración Xeral hacia caps. IV e VII de ingresos dos organismos autónomos), que acadaron os 42.946 millóns de ptas.

O presuposto consolidado previsto para 1998 ascendeu a 921.600 millóns de

Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos administrativos 1997-98

(en millóns de pesetas)

	1997		1998											
	Total	Total	Capítulos presupostarios											
			I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII				
<b>Ingresos</b>														
EGAP	414	413			15		391					7		
IGE	583	677			10		344					323		
Augas de Galicia	10.701	17.178			740		380		10			16.048		
IGC	662	700			10		531		5			154		
SERGAS	273.128	289.139			3.519		285.620							
AGS	152	261					261							
SGPIH-M	562	743					743							
<b>Total</b>	<b>286.202</b>	<b>309.111</b>			<b>4.294</b>		<b>288.270</b>		<b>10</b>			<b>16.532</b>		
<b>Gastos</b>														
EGAP	414	413					22							
IGE	583	677					3							
Augas de Galicia	10.701	17.178					100							
IGC	662	700					100							
SERGAS	273.128	289.139					65.478							165
AGS	152	261												
SGPIH-M	562	743					605							
<b>Total</b>	<b>286.202</b>	<b>309.111</b>			<b>132.121</b>		<b>66.308</b>					<b>34.866</b>		<b>165</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

**CADRO 3.1.9. Presuposto de ingresos e gastos dos Organismos Autónomos comerciais, industriais e financeiros 1997-98**

(en millóns de pesetas)

	1997								1998									
	Total	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Total	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII
<b>Ingresos</b>																		
IGVS	17.338									15.790								
ILGA	259			120						11.442								6
IGAEM	663									663								
<b>Total</b>	<b>18.260</b>			<b>120</b>						<b>27.895</b>								<b>6</b>
<b>Gastos</b>																		
IGVS	17.338									15.790								
ILGA	259			60						11.442								304
IGAEM	663									663								
<b>Total</b>	<b>18.260</b>			<b>60</b>						<b>27.895</b>								<b>304</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

pesetas, cantidade que supera en 51.549 millóns de pesetas a estimada inicialmente no ano anterior, sobre a que se incrementa un 5,9%.

Os **ingresos por operacións correntes** (782.486 millóns de ptas.) experimentaron un incremento de 56.991 millóns de ptas., un 7,9% superior ó exercicio anterior, mentres **os ingresos polo total das operacións de capital** (139.114 millóns de ptas.) diminuíron en 5.442 millóns de ptas., un 3,8% menos que o ano anterior. Esta diminución correspóndese basicamente co descenso dos ingresos procedentes de operacións de endebedamento, que baixan un 10,9% (-5.256 millóns de ptas.) respecto ó ano anterior.

Os **gastos por operacións correntes** (705.278 millóns de ptas.) medran un 6,7% (44.229 millóns de ptas.). Os novos servizos transferidos de Emprego e Formación do INEM, e medios persoais ó servizo da Administración de Xustiza, que se presupostan por primeira vez en 1997 (máis de 7.000 millóns de ptas.), así como os gastos presupostados por primeira vez no capítulo IV para o desenvolvemento dos programas de fomento de emprego, escolas taller e casas de oficios (7.200 millóns de ptas.) financiados con recursos finalistas e os 6.200 millóns de ptas de incremento retributivo do persoal ó servizo da Administración autónoma representou o 46,12% do incremento dos gastos por operacións correntes.

Os **gastos por operacións non financeiras de capital** (190.565 millóns de ptas.) aumentan respecto o ano 1997 nun 3,5% (6.500 millóns de ptas.). Os investimentos reais medran respecto o ano anterior un 0,3% (351 millóns de ptas.) ata acadar os 104.580 millóns de ptas., e as tranferencias de capital medran un 7,7%

(6.149 millóns de ptas.), acadando os 85.985 millóns de ptas. O total de operacións non financeiras de capital representou o 3,81% do VEB de Galicia (**cadro 3.1.10.**).

Desde o punto de vista da súa **distribución funcional**, a parte máis importante (89,3%) do presuposto consolidado repartíuse entre as seguintes funcións: Sanidade, o 32,3% (296.666 millóns de ptas.); Educación, o 21,4% (197.177 millóns de ptas.); Transferencia a entidades locais, o 9% (82.862 millóns de ptas.); Débeda pública, o 5,8% (53.682 millóns de ptas.); Seguridade Social e protección social, o 4% (36.940 millóns de ptas.); Plan de crecemento e emprego, o 3,7% (34.493 millóns de ptas.); Infraestruturas básicas e do transporte, o 2,9% (26.351 millóns de ptas.); Agricultura, gandería e pesca, o 2,4% (21.897 millóns de ptas.); Cultura, o 2,2% (20.610 millóns de ptas.); Benestar comunitario, o 2,2% (19.736 millóns de ptas.); Vivenda e urbanismo, o 2% (18.367 millóns de ptas.); e Promoción social, o 1,5% (13.263 millóns de ptas.). Este reparto recóllese no **cadro 3.1.11.**

As variacións cuantitativas, en termos absolutos, por Grupos Funcionais respecto ó ano 1997, son as seguintes: os servizos de carácter xeral incrementáanse en 3.815 millóns de pesetas; Seguridade, protección e promoción social incrementáanse en 10.052 millóns de ptas. (inclúe a nova Función de Promoción de emprego con 18.814 millóns de ptas.); Produción de bens públicos de carácter económico diminúe en 6.192 millóns de ptas.; Regulación económica de carácter xeral diminúe en 105 millóns de ptas.; Transferencias a entidades locais incrementouse en 4.394 millóns de ptas. e a Débeda Pública diminúe en 2.806 millóns de ptas.

**Ingresos**

	1997		1998		98/97	
	importe (en millóns de pesetas)		valor relativo %		importe	%
I Impostos directos	14.956	60.302	1,7	6,5	45.346	303,2
II Imposto indirectos	30.201	30.300	3,5	3,3	99	0,3
III Taxas, prezos e outros ingresos	25.500	26.844	2,9	2,9	1.344	5,3
IV Transferencias correntes	653.147	663.376	75,1	72,0	10.229	1,6
V Ingresos patrimoniais	1.691	1.664	0,2	0,2	-27	-1,6
<b>Total operación correntes</b>	<b>725.495</b>	<b>782.486</b>	<b>83,4</b>	<b>84,9</b>	<b>56.991</b>	<b>7,9</b>
VI Alleamento de investimentos reais	7.983	7.374	0,9	0,8	-609	-7,6
VII Transferencias de capital	88.556	88.983	10,2	9,7	427	0,5
<b>Total Ingresos non financeiros</b>	<b>822.034</b>	<b>878.843</b>	<b>94,5</b>	<b>95,4</b>	<b>56.809</b>	<b>6,9</b>
VIII Activos financeiros	12	8	-	-	-4	-33,3
IX Pasivos financeiros	48.005	42.749	5,5	4,6	-5.256	-10,9
<b>Total Ingresos Financeiros</b>	<b>48.017</b>	<b>42.757</b>	<b>5,5</b>	<b>4,6</b>	<b>-5.260</b>	<b>-11,0</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>144.556</b>	<b>139.114</b>	<b>16,6</b>	<b>15,1</b>	<b>-5.442</b>	<b>-3,8</b>
<b>Total</b>	<b>870.051</b>	<b>921.600</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>51.549</b>	<b>5,9</b>

**Gastos**

	1997		1998		98/97	
	importe (en millóns de pesetas)		valor relativo %		importe	%
I Gastos de persoal	299.927	317.582	34,5	34,4	17.655	5,9
II Gastos en bens correntes e servizos	101.036	111.121	11,6	12,1	10.085	10,0
III Gastos financeiros	36.093	31.994	4,1	3,5	-4.099	-11,4
IV Transferencias correntes	223.993	244.581	25,8	26,5	20.588	9,2
<b>Total operación correntes</b>	<b>661.049</b>	<b>705.278</b>	<b>76,0</b>	<b>76,5</b>	<b>44.229</b>	<b>6,7</b>
VI Investimentos reais	104.229	104.580	12,0	11,4	351	0,3
VII Transferencias de capital	79.836	85.985	9,1	9,3	6.149	7,7
<b>Total operacións non financeiras de capital</b>	<b>184.065</b>	<b>190.565</b>	<b>21,1</b>	<b>20,7</b>	<b>6.500</b>	<b>3,5</b>
<b>Total Gastos non Financeiros</b>	<b>845.114</b>	<b>895.843</b>	<b>97,1</b>	<b>97,2</b>	<b>50.729</b>	<b>6,0</b>
VIII Activos financeiros	4.532	4.008	0,5	0,4	-524	-11,6
IX Pasivos financeiros	20.405	21.749	2,4	2,4	1.344	6,6
<b>Total operacións financeiras de capital</b>	<b>24.937</b>	<b>25.757</b>	<b>2,9</b>	<b>2,8</b>	<b>820</b>	<b>3,3</b>
<b>Total Gastos Financeiros</b>	<b>24.937</b>	<b>25.757</b>	<b>2,9</b>	<b>2,8</b>	<b>820</b>	<b>3,3</b>
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>209.002</b>	<b>216.332</b>	<b>24,0</b>	<b>23,5</b>	<b>7.330</b>	<b>3,5</b>
<b>Total</b>	<b>870.051</b>	<b>921.600</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>51.549</b>	<b>5,9</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.11. **Presuposto consolidado de gastos da C.A. 1997-98: distribución funcional**

(en millóns de pesetas)

Grupos de funcións	1997	1998		98/97
		importe (en millóns de pesetas)	valor relativo %	
<b>1 Servicios de carácter xeral</b>	16.442	20.257	2,2	23,2
11 Alta dirección da C.A.	3.481	3.916	0,4	12,5
12 Administración xeral	12.961	15.991	1,7	23,4
13 Admon. electoral e partidos políticos		350	0,1	
<b>2 Seguridade, protección e promoción social</b>	60.673	70.725	7,7	
21 Seguridade e protección social	37.193	36.940	4,0	-0,7
22 Promoción social	21.728	13.263	1,5	-39,0
23 Protección civil e seguridade	1.752	1.708	0,2	-2,5
24 Promoción do emprego		18.814	2,0	
<b>3 Produción de bens públicos de carácter social</b>	526.755	564.454	61,3	7,2
31 Sanidade	277.629	296.666	32,2	6,9
32 Educación	190.747	197.177	21,4	3,4
33 Vivenda e urbanismo	20.045	18.367	2,0	-8,4
34 Benestar comunitario	11.291	19.736	2,2	74,8
35 Cultura	15.918	20.610	2,2	29,5
36 Outros servicios comunitarios e sociais	11.125	11.898	1,3	6,9
<b>4 Produción de bens públicos de carácter económico</b>	52.000	45.808	5,0	-11,9
41 Infraestrutura básica e do transporte	33.232	26.351	2,9	-20,7
42 Outras infraestructuras	14.130	13.831	1,5	-2,1
43 Investigación científico-técnica e aplicada	4.055	4.815	0,5	18,7
44 Información estatística básica	583	811	0,1	39,1
<b>5 Regulación económica de carácter xeral</b>	9.710	9.605	1,0	-1,1
51 Actuacións económicas xerais	2.470	2.426	0,3	
52 Comercio	1.940	2.232	0,2	15,1
53 Actividades financeiras	5.300	4.947	0,5	-6,7
<b>6 Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial</b>	44.491	39.714	4,3	-10,7
61 Agricultura, gandería e pesca	35.077	21.897	2,4	-37,6
62 Industria	1.400	1.311	0,1	-6,4
63 Enerxía	4.908	3.836	0,4	-21,8
64 Minería	80	90	0,0	12,5
65 Turismo	3.026	1.900	0,2	-37,2
66 Industrialización e reordenación industrial	15.938	10.599	1,2	
67 Desenvolvemento empresarial	1.076	82	0,0	-92,4
<b>7 Plan de crecemento e emprego</b>		34.493	3,7	
71 Complexo agro-gandeiro		10.060	1,1	
72 Complexo mar-industria		13.150	1,4	
73 Complexo silvicultura-madeira		202	0,0	
74 Complexos prioritarios do sector industrial		1.461	0,2	
75 Complexo turismo, loxística e servicios a empresas		2.621	0,3	
79 Plan de crecemento e emprego		7.000	0,8	
<b>8 Transferencias a entidades locais</b>	78.468	82.862	9,0	5,6
81 Transferencias a entidades locais	78.468	82.862	9,0	5,6
<b>9 Débeda pública</b>	56.488	53.682	5,8	-5,0
91 Débeda pública	56.488	53.682	5,8	-5,0
<b>Total</b>		<b>921.600</b>	<b>100,0</b>	

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Conta financeira 1997-98

(en millóns de pesetas)

	1997		1998		98/97	
	Importe		Importe		%	
<b>1 Operacións correntes</b>						
Ingresos	725.495	782.486	56.991	7,9		
Gastos	661.049	705.278	44.229	6,7		
<b>Aforro por operacións correntes</b>	64.446	77.208	12.762	19,8		
<b>2 Operacións de capital</b>						
Ingresos	96.539	96.358	-181	-0,2		
Gastos	184.065	190.565	6.500	3,5		
<b>Deficit por operacións de capital</b>	87.526	94.207	6.681	7,6		
<b>Necesidades de financiamento</b>	23.080	17.000	-6.080	-26,3		
<b>3 Operacións financeiras</b>						
Recursos financeiros	48.017	42.757	-5.260	-11,0		
Atencións financeiras	24.937	25.757	820	3,3		
<b>Financiamento</b>	23.080	17.000	-6.080	-26,3		
<b>4 Endebedamento neto</b>						
Endebedamento bruto	48.005	42.749	-5.256	-10,9		
Amortizacións	20.405	21.749	1.344	6,6		
<b>Endebedamento neto</b>	27.600	21.000	-6.600	-23,9		

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

Respecto ós Grupos funcionais de Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial e do Plan de crecemento e emprego, considerados conxuntamente, crecen en 4.692 millóns de ptas. respecto ó conxunto dos Grupos do ano 1997 de Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial e de Regulación económica de sectores productivos, que desaparece en 1998.

#### A CONTA FINANCEIRA

A estimación dos **ingresos non financeiros** sitúase en 878.843 millóns de pesetas, cunha variación respecto a 1997 do 6,9%, mentres que os **gastos non financeiros** ascenderon a 895.843 millóns de pesetas, cunha variación do 6% respecto a 1997.

Cabe salientar que o **aforro por operacións correntes** aumenta en 12.762 millóns de pesetas, acadando os 77.208

millóns de pesetas, o que supón un 19,8% de incremento respecto ó exercicio anterior. O control do déficit presupostario fai recaer sobre o aforro de natureza corrente unha maior responsabilidade como financiador dos investimentos. O ratio aforro neto/investimentos acadou un 29,5.

O **endebedamento bruto** da Comunidade Autónoma (42.749 millóns de ptas), que representa a necesidade de financiamento de investimentos mais o importe das amortizacións e a variación de activos financeiros, diminúe nun 10,9% sobre a cifra presupostada inicialmente no exercicio anterior (48.005 millóns de ptas).

O **endebedamento neto** en 1998 é de 21.000 millóns de pesetas. Diminúe en 6.600 millóns de ptas., un 23,9%, respecto a 1997 (27.600 millóns de ptas.).

A **necesidade de financiamento** sitúase en 17.000 millóns de pesetas, un 26,3%



CADRO 3.1.13.

**Presupostos das sociedades públicas galegas 1997-98: entes públicos**

(en millóns de pesetas)

	1997		1998		97/98	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
C. Radio-Televisión de Galicia e Soc.	13.150	1.210	13.533	1.417	2,9	17,1
IGAPE	1.095	8.771	1.107	9.964	1,1	13,6
Fund. P. Hospital de Verín	1.306	52	1.374	49	5,2	-5,8
Portos de Galicia	1.341	2.937	1.248	3.266	-6,9	11,2
Obras e Servicios Hidráulicos	200	20	250	20	25,0	0,0
Consello Económico e Social	126	6	126	6	0,0	0,0
Fundac. Instituto Galego de Oftalmoloxía	217	-	233	79	7,4	-
Fund. P. Hospital da Barbanza			1.218	110	-	-
Fund. P. Hospital V.A. Xunqueira			898	1	-	-
<b>Total</b>	<b>17.435</b>	<b>12.996</b>	<b>19.987</b>	<b>14.912</b>	<b>14,6</b>	<b>14,7</b>

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

menos que no ano 1997, significando o 2,17% dos ingresos correntes e un 22,02% do aforro por operacións correntes.

A **carga financeira** dos presupostos de 1998: intereses (31.934 millóns de ptas.) máis variación de pasivos financeiros -amortización da débeda- (21.749 millóns de ptas.), situouse en 53.683 millóns de pesetas, o que supuxo o 6,86% dos ingresos correntes (782.486 millóns de ptas.), 0,93 puntos inferior á correspondente ó ano 1997. A carga financeira diminúe un 5% (2.805 millóns de ptas.) debido a diminución dos intereses nun 11,5% (4.149 millóns de ptas) que compensa o aumento da amortización dun 6,6% (1.344 millóns de ptas.) (**cadro 3.1.12.**)

O PRESUPOSTO DAS  
SOCIEDADES PÚBLICAS: ENTES PÚBLICOS  
E SOCIEDADES MERCANTÍS

No ano 1998, incorpóranse ó presuposto das sociedades públicas dous entes públicos –Fundación Pública Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira e Fundación Pública Hospital Comarcal da Bar-

banza– e a sociedade mercantil Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

O presuposto de explotación dos entes públicos incrementouse nun 14,6%, pasando de 17.435 millóns de pesetas en 1997 a 19.987 millóns de pesetas en 1998. O presuposto de capital dos ditos entes pasou de 12.996 millóns de pesetas a 14.912 millóns de pesetas, o que supón un incremento do 14,7% (**cadro 3.1.13.**)

O presuposto de explotación das sociedades mercantís incrementouse nun 52,8%, pasando de 11.470 millóns de pesetas en 1997 a 17.521 millóns de pesetas en 1998. Resulta significativo o aumento da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo 93, que pasou de 664 millóns de pesetas en 1997 a 3.377 millóns de pesetas en 1998.

O presuposto de capital das sociedades mercantís aumentou nun 292,1%, pasando de 10.992 millóns de pesetas en 1997 a 43.104 millóns de pesetas en 1998, co significativo incremento da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., presupostada por primeira vez neste ano

CADRO 3.1.14.

Presupostos das sociedades públicas 1997-98: sociedades mercantís

(en millóns de pesetas)

	1997		1998		98/97	
	Explotación	Capital	Explotación	Capital	Explotación	Capital
SOGAMA	1.617	5.996	1.596	14.528	-1,3	142,3
Sociedade de I. e P. Turística de Galicia	706	671	788	662	11,6	-1,3
Xestur A Coruña S.A.	3.821	1.797	4.228	316	10,7	-82,4
Xestur Lugo, S.A.	403	33	432	16	7,2	-51,5
Xestur Ourense, S.A.	534	77	923	32	72,8	-58,4
Xestur Pontevedra, S.A.	343	10	482	67	40,5	570,0
S.A de Xestión do Plan Xacobeo 93	664	541	3.377	879	408,6	62,5
S.A Xestión Centro Superc. Galicia	190	221	290	157	52,6	-29,0
S.A. de Desenv. Comarcal de G.	315	68	480	171	52,4	151,5
Instituto Galego de Medicina Técnica	2.009	204	2.765	397	37,6	94,6
Galicia Calidade, S.A.	20	31	100	60	400,0	93,5
SODIGA	399	1.281	313	631	-21,6	-50,7
Galiol, S.A.	125	11	86	1	-31,2	-90,9
Xestión Enerxética de Galicia	223	48	252	42	13,0	-12,5
Ctro . Europeo de Empr. e Inn de G., S.A.	101	3	106	5	5,0	66,7
S. Pública de Investimentos de Galicia, S.A.			1.303	25.141	--	--
<b>Total</b>	<b>11.470</b>	<b>10.992</b>	<b>17.521</b>	<b>43.105</b>	<b>52,8</b>	<b>292,1</b>

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.1.15.

Endebadamento materializado en valores e créditos non comerciais das CC.AA. 1997-98: débeda / habitante <sup>(1)</sup>

(Débeda acumulada: millóns de euros)  
(End/hab: euros)

	1997 <sup>(2)</sup>		1998 <sup>(2)</sup>	
	Débeda acumulada	End/hab	Débeda acumulada	End/hab
Andalucía	5.948	824	6.142	849
Aragón	872	734	883	746
Asturias	452	415	511	472
Baleares	313	412	321	403
Canarias	856	533	911	559
Cantabria	174	330	168	319
Castela - A Mancha	503	294	579	337
Castela e León	949	378	952	383
Cataluña	8.287	1.361	8.434	1.372
Estremadura	522	488	564	527
<b>Galicia</b>	<b>2.480</b>	<b>904</b>	<b>2.565</b>	<b>941</b>
A Rioxa	117	442	124	470
Madrid	2.987	595	2.960	581
Murcia	553	504	571	512
Navarra	752	1.445	687	1.294
País Vasco	2.146	1.023	2.067	985
Valencia	3.431	856	3.671	912
<b>Total</b>	<b>31.343</b>	<b>790</b>	<b>32.108</b>	<b>806</b>

(1) calculada a partir do Padrón Municipal de habitantes 1996 e Revisión padronal a 1-1-1998

(2) datos provisionais

Fonte: Banco de España

con 25.141 millóns de ptas. Tamén é significativo o incremento da Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., que pasou de 5.996 millóns de pesetas en 1997 a 14.529 millóns de pesetas. en 1998 (**cadro 3.1.14.**).

#### Endebedamento acumulado

O **cadro 3.1.15.** reflicte o endebedamento materializado en valores e créditos non comerciais das comunidades autónomas nos anos 1997 e 1998. Como se pode apreciar, a débeda acumulada ascendeu en Galicia ós 2.480 millóns de euros en 1997, que equivale a 412.637 millóns de pesetas, o que significa un endebedamento por habitante de 904 euros. O endebedamento medio por habitante en España era de 790 euros.

En 1998, a débeda acumulada ascendeu a 2.565 millóns de euros (426.780 millóns de pesetas), é dicir, un 3,4% máis que no ano anterior, sendo o endebedamento por habitante de 941 euros, fronte ós 806 euros de España. ■

